



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que o Pleno deste Concello, en sesión celebrada en data 01 de marzo de 2018, adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

“3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIIS”.

Na Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos e Tráfico e Persoal adoptouse o ditame que transcrito literalmente na súa parte dispositiva di:

“Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros ditaminar favorablemente a aprobación do expediente de contratación da obra de “Rehabilitación das vivendas nº 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais”, de acordo ca documentación obrante no expediente. Non obstante o Pleno, co seu superior criterio, decidirá o que estime oportuno.”

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros:

1.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, con carácter plurianual e tramitación urxente, da obra consistente en “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIP SOCIOCULTURAIIS”, convocando a súa licitación.

2.- Aprobar o gasto plurianual correspondente, para os exercicios que se sinalan, por un importe total de 2.600.000,00 euros para financiar a obra sinalada, de acordo co seguinte réxime financeiro periodificado:

ANO	2017	2018	2019
DESTINO	REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIP SOCIOCULTURAIIS		
APLICACIÓN	334.61900	334.61900	334.61900
IMPORTE	862.644,60	921.680,47	815.674,93
TOTAL GASTO	2.600.000,00		

Este gasto financiaríase con cargo ós seguintes ingresos:

Deputación Provincial de Pontevedra:

- Ano 2017: 862.644,60 euros.
- Ano 2018: 921.680,47 euros.
- Ano 2019: 592.145,34 euros.

Concello de A Illa de Arousa:

- Ano 2019: 223.529,59 euros.

O importe correspondente á anualidade de 2017 do Plan Concellos foi obxecto de modificación orzamentaria de incorporación de remanente ó orzamento prorrogado do presente exercicio, e os importes correspondentes ó exercicio 2018 mediante xeración de ingresos no



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

citado orzamento prorrogado. Polo que para a anualidade do presente exercicio, o crédito dispoñible será de 1.784.325,07 euros, financiado a cargo da aplicación orzamentaria 334.61900.

3.- Asumir o compromiso de consignación no orzamento municipal do exercicio 2019 a cantidade suficiente para facer fronte as obrigas do Concello para o financiamento do investimento.

4.- Aprobar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obras consistentes en REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIP SOCIOCULTURALS por procedemento aberto, varios criterios de adjudicación, con carácter plurianual e tramitación urxente.

5.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante do Concello o anuncio de licitación, para que durante o prazo de vinte e seis días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello